



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza xeral de limpeza e medio ambiente

EDICTO

Logo de terse por elevado a definitivo o acordo plenario da data do 27/08/2020 polo que se aproba inicialmente a modificación dos artigos 14.3 e 55.2.I) da Ordenanza xeral de limpeza e medio ambiente (ordenanza municipal publicada no BOP núm. 2, do 04.01.2005) por non se ter presentado reclamación ningunha durante o período de exposición ao público mediante anuncio publicado no BOP núm. 179, na data do 26 de outubro do 2020, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, publícase o texto íntegro da dita modificación, que queda redactado como figura a continuación:

<<Art. 14.3:

Na época de verán comprendida entre o 1 de xuño e o 30 de setembro permitírase o acceso dos cans ás praias en horario de 22:00 h a 10:00 h podendo a Alcaldía establecer calquera outra limitación que por razóns hixiénico-sanitarias sexan procedentes.

Art. 55.2.I):

Levar cans ou outros animais fóra das datas e horarios establecidos ou vulnerando calquera outra limitación que por razóns hixiénico-sanitarias se establezan pola Alcaldía en función do sinalado no art. 14.3>>.

Sada, o 28 de decembro do 2020

O ALCALDE,

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

2020/9894